


Matriz DAFO

INTRODUCCIÓN

Unha vez trazada a análise económica do sector téxtil e de confección en Galicia, é preciso e interesante establecer unha síntese daqueles elementos de maior relevancia, en termos positivos e negativos, que condicionan e definen tanto a estrutura económica do sector como a súa evolución en vindeiros anos. Desta maneira, é posible adquirir unha visión integral do posicionamento actual do sector, así como das expectativas en termos de produción, investimento e laborais nun horizonte temporal de curto e medio prazo.

O instrumento que posibilita establecer esta análise é a matriz DAFO. Tal como se pode extraer do seu nome, a súa aplicación permite estruturar os elementos determinantes e definitorios do sector en función tanto da súa orixe como do seu impacto. Segundo o primeiro, establécese unha dobre perspectiva analítica: interna e externa, distinguindo polo tanto entre aqueles elementos que pertencen ao ámbito estrutural do sector e aqueles que, pola contra, son factores de tipo esóxeno. Pola segunda variable, os diferentes impactos no sector poden orientarse en positivos e negativos.



Sintetizando, a matriz DAFO reflite:

- **Debilidades:** tamén denominados puntos débiles. Son aspectos que limitan ou reducen a capacidade de desenvolvemento efectivo do sector e, polo tanto, deben ser superados.
- **Fortalezas:** tamén denominados puntos fortes. Son capacidades, recursos, posicións acadadas e, consecuentemente, vantaxes competitivas que deben e poden servir para explotar oportunidades.
- **Ameazas:** defínese a grandes trazos como toda forza do contorno (económica, laboral, normativa...) que limita ou reduce a capacidade de desenvolvemento do sector.
- **Oportunidades:** inclúe todos aqueles factores esóxenos que poidan delimitar ou debuxar unha mellora competitiva do sector e, polo tanto, supón unha oportunidade para o desenvolvemento futuro deste.

DEBILIDADES

- Escasa estrutura asociativa do sector. Excesivo individualismo.
- Ralentización ou caída no nivel de emprego do sector, situado principalmente nas pequenas empresas e talleres de confección.
- Prevalencia de empresas de orixe familiar, con escasa estrutura profesionalizada, e organigrama pouco definido e delimitado.
- Escaso coñecemento do sector no ámbito internacional. Ausencia dun posicionamento estratéxico.
- Reducida dimensión empresarial. Escasa capacidade de inversión e innovación das pequenas empresas, talleres e cooperativas.
- En xeral, o nivel de cualificación dos traballadores é baixo. Ausencia de man de obra cualificada.
- Grave distorsión entre a oferta formativa de téxtil e confección e as necesidades formuladas e detectadas nas empresas do sector, principalmente en aspectos técnicos.
- Elevada precariedade laboral dos traballadores do sector.
- Baixos niveis salariais.
- Volume importante de emprego somerxi-do.
- Elevado grao de vulnerabilidade do sector fronte á conxuntura mundial.
- Ausencia de prensa especializada no téxtil e confección.

FORTALEZAS

- No conxunto das exportacións galegas, o sector téxtil e confección posiciónase como un referente de crecente importancia.
- O sector téxtil e confección absorbe un volume importante de emprego. É relativamente intensivo en man de obra.
- Crecente incorporación de tecnoloxía no sector. Alta capacidade innovadora das grandes empresas comercializadoras.
- Recoñecido prestixio das marcas galegas, principalmente no ámbito nacional
- Elevada capacidade produtiva do sector.
- Alta capacidade creativa.
- Sector consolidado, de ampla tradición e experiencia.
- Sector flexible, con alta capacidade de adaptación aos cambios na demanda do mercado.
- Capacidade de loita e superación de crises.

AMENAZAS

- A finalización do Acordo Multifibras no vindeiro ano 2005 orixina un incremento da competencia a nivel mundial, o cal acentúa a crise da pequena e mediana empresa galega manufactureira.
- Incremento da competencia a escala mundial con novos países con ampla vantaxe en custos.
- A deslocalización da produción cara a terceiros países supón un condicionante negativo para as empresas manufactureiras.
- Media de idade alta dos traballadores. Dificultades de relevo xeracional.
- Sector de escasa ou nula atractividade para a xente nova.

OPORTUNIDADES

- Pola outra banda, a do Acordo Multifibras supón unha oportunidade para a gran empresa comercializadora galega, pois a eliminación das barreiras facilita a apertura cara a novos mercados.
- Excelente imaxe do sector fóra da Comunidade, identificado con atributos de marca, calidade, deseño, tecnoloxía e innovación.
- Crecente diversificación da produción, ou, mellor dito, da colección ofrecida polas empresas comercializadoras.
- Tendencia á comercialización directa a través de tendas propias, franquías, cóners...
- Crecente importancia da loxística e comercialización dentro do sector.
- En formación e emprego obsérvase dentro do sector unha demanda crecente e importante de persoal cualificado.
- Aparición de novas estruturas asociativas con pleno apoio aos proxectos empresariais.
- Existencia dun grupo importante de empresas líderes e tractoras do sector.
- Elaboración de produtos en series curtas, variadas e personalizadas.